

## **A TODOS E TODAS AS TRABALLADORAS DAS RESIDENCIAS PRIVADAS DA TERCEIRA IDADE DE GALIZA**

Como xa sabedes pola información que temos achegado aos centros de traballo en datas pasadas, o 1 de outubro tivo lugar a primeira das mobilizacións previstas no sector de Residencias, despois da ruptura da Mesa de Negociación o pasado 17 de setembro. Na concentración celebrada diante da Residencia Mapfre-Quavita de Santiago de Compostela, máis de 200 persoas reivindicaron un Convénio do sector digno, criticando as posicións da patronal e os intentos de recortar os nosos xa cativos dereitos.

Desgrazadamente, e como estaba previsto, a esta mobilización non acudeu a UGT, quen decidiu apartarse da unidade sindical e presupoñemos que agardar a tempos mellores. Non podemos entender a posición deste sindicato, que nun momento tan importante como este decide posicionarse coa patronal e non defender aos traballadores e traballadoras do sector. As afirmacións realizadas pola UGT nas súas follas informativas non deixan lugar a dúbidas. Actuando como auténticos avogados da patronal, afirman que a “pobre patronal” apenas ten beneficios, e negan que este sexa un sector que aumente o seu volume de negocio. Acaso é que non se están a construír novas residencias en Galiza?. Será que non abreu nengunha residencia nova neste último ano?. Tal vez baixou o número de residentes nas residencias?. Para saber isto, non son necesarios datos estadísticos, tan só coñecer o sector. Está claro, como din eles, que o que queren é seguir na Mesa de Negociación. CCOO e CIG tamén, desde logo. Pero seguiremos na Mesa para gañar dereitos, non para perdelos. E sempre que se nos trate con dignidade.

Como iso de momento non acontece, CCOO e CIG entendemos necesario seguir a mobilizarse como o camiño para conseguir melloras. E por iso propoñemos as seguintes datas para as vindeiras mobilizacións :

**21 de outubro ás 11:00 diante da Residencia Valle Inclán en Vilanova de Arousa**

**4 de novembro ás 11:00 diante da Residencia Sanitas (Rúa do Conde, 6), Vigo**

SEGUIREMOS INFORMANDO

POR UN CONVENIO DE RESIDENCIAS PRIVADAS DIGNO E CON DIREITOS

MOBILIZATE